

DECRETO NÚMERO \$

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 7/2024).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **10.850.557,85 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación, iniciado por providencia da Alcaldesa do 22.03.2024

Visto o informe de Intervención do 24.03.2024 Ref.: 438/2024, emitido en contestación á Providencia da Excm. Sra. Alcaldesa.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando o Decreto número 2870/2023 do 30.03.2023 de aprobación da liquidación da execución orzamentaria do Concello de Lugo 2022 en base ao contido dos informes da Intervención Xeral Refs 339/2023 do 26.03.2023 e 345/2023, do 27.03.2023, onde se cuantifican as magnitudes de natureza orzamentaria e financeira, ademais de conter o estado de desviacións de financiamento derivado dos Proxectos de Gasto con Financiamento Afectado.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivado da aplicación parcial do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, así como polos compromisos firmes de aportación e os excesos de financiamento derivado dos estados das desviacións de gastos con financiamento afectado.

Veño a resolver:

A aprobación do presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **10.850.557,85 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

Importe: 10.850.557,85 euros.

Financiamento:

- ☐ **Financiamento Afectado:** *Compromisos firmes de aportación e excesos de financiamento afectado (desviacións de financiamento positivas, acumuladas e por conceptos).*
- 1. *Excesos de financiamento afectado (estados de gastos de financiamento afectado derivados da liquidación do exercicio 2023 e que se aplican no presente expediente): 6.568.522,46 €*

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-03-25 19:28:19.00)

CVD: kCvg5OohVoSMW+H4mWaE

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 2804/2024

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac4696961055618326716.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 7/2023

2. *Compromisos firmes de aportación: 749.683,97 €*

☐ **Remanente de Tesorería para Gastos Xerais**

1. *Aplicación resto IRC con cargo a RTGX: 3.532.351,42 €*

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

A Excma. Sra. Alcaldesa

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)